

**O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL****CORTE Nº 3 CINTA 9****Museo  
do Pobo  
Galego****instituto de  
estudos das  
identidades****NOME DO DOCUMENTO:**

MPG\_SaVi\_0009\_003\_en\_0\_19\_39\_id656\_D

**AUDIO DE REFERENCIA:**

MPG\_SaVi\_0009\_003\_en\_0\_19\_39\_id656.mp3

**INFORMACIÓN DA ENTREVISTA**

Esta ficha recolle o terceiro corte dos que se divide a novena das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante conta como os mariñeiros facían regatas para competir entre eles, e como despois comezaron a organizarse dende os clubs náuticos.

**NOTA DAS EDITORAS**

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 13 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**  
**Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen  
**Parroquia:** O Carmen  
**Concello:** Moaña  
**Provincia:** Pontevedra  
**País:** Galicia

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

## PALABRAS CHAVE

deportes de mar, mariñeiro, ocio e tempo libre, regata, embarcación a remos, chalana, lancha, traíñeira, festas do Carme, Vigo, porto, pelexa, Moaña, Club Náutico

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Sara Santalla Iglesias

## TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 3 DA CINTA 9



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

P: Había algún tipo de deportes do mar propios, como regatas de botes de chalanas ou natación.

R: Non.

P: Non había tempo para... se non se iba ós baños non se iba a regatear claro.

R: Non se iba ós baños, íbase á nadar. Sacaba a roupa nadaba un e metíase outro na... (?). Había como deporte de...(?)

P: Polas festas ó mellor facíase regatas de chalanas e de botes, ou iso xa foi máis agora, máis reciente.

R: Facíanse algunhas regatas de chalanas, e nadadores e iso. Había cando andaban nas festas do Carmen, facíanse, organizábanse unha.....

P: E as regatas de traineras xa falamos o outro día.

R: Si ese andábase coas regatas de traineras. Había ese que organizaba..

P: ¿Como empezaría?. Empezaría coa cousa de a ver quen chegaba antes á terra ou quen chegaba a vender o peixe antes, ¿así empezaría as regatas non?

R: Había un costume. Había un costume, cando se andaba ó mar, as traineras, pois saían a mañán, e había un barco para remolcar as traineras para o mar e para terra, pois chamaban polo barco, e remolcaba...(?) e á mañán, aí ás tres da mañán ou as catro que saían os barcos para o mar, (?) os barcos tiraban polos barcos para levarlos para a ría de Bueu, para a de Marín, era “O 23 de Maio”. O barco do bisabuelo (?) o “23 de maio” estaba a remolcar...

P: Se chamaba “o 23 de Maio” o barco.

R: E tódolos días pescaba un, pescaba un barco ou dous, collíao polo remolque e tiraba por el. Cobraba dous duros, tres duros por remolque.

P: ¿E compensáballes entón o barco así?, si porque eran moitas traineras claro.

R: Eran moitas traineras, valía unha cesta de peixe tres, catro duros. Como valía cinco duros unha cesta xa ganabas. E cando partías de catro a cinco duros...(?) partías á semana... xa era unha partía que..

P: Era unha partía boa.

R: Na partía o que máis interesaba...

P: E entón eses barcos que levaban as lanchas non había ningunha trainera que lle fixera unha regata a ver quen chegaba a Vigo antes, si o barco... Non porque as traineras íban cheas de peixe ¿non? Porque íban cargadas.

R: Non porque as regatas viñeron organizadas nos mesmos portos, porque cando se facían as contas a xente bebía e cando se marchaban para o mar, xa viñan de regreso, sin pescar eh? pois organizábanse as regatas. A xente xa (?) ás traineras. Había discusións, había trompadas, había de todo. Nós somos máis, vos sodes máis...

P: E a ver quen ganaba.

R: E a ver quen ganaba a regata, claro.

P: E cando viñan de Vigo para Moaña tamén ¿non facían regatas tamén?

R: Cando viñan de Vigo xa viñan ocupado co peixe, sen comer e todo eso, e querían chegar para descansar.

P: Para descansar.

R: Pero como se encontrara no mar, cunha trainera de maldade, non deixaban pasar unha á outra. Ó encontrarse non a deixaba pasar. Ten habido moitas discusións, moitos líos, moitos líos.

P: E despois se acorda como se organizaron máis adiante o Club Náutico e o Marítimo como organizaron regatas aquí, ¿que empezaron a ir os de Meira e os de Tirán?

R: Bueno. Iso xa empezaron ó ir, ir... Organizaron o Club Náutico as regatas. Ó organizar o Club Náutico as regatas, pois íban de cada porto. Meira [pequeno corte na gravación]...



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

A xente de Moaña<sup>1</sup> era maior [tripulación?] de regatas... os de Tirán organizaban as regatas con xente de Moaña. De Moaña todos son ¿non?. E a xente a buscaban. Había un patrón de Meira que viña buscar a xente a Moaña. Tirán empezou a buscar súa xente en Tirán e o resto, organizaba coa xente de este...(?).

P: Aínda que levara o nome da parroquia de Tirán ou de Meira participaba moita xente de Moaña tamén.

R: O nome sempre era de Moaña, agora que organizaran máis os fillos, pero máis salsa á tortilla<sup>2</sup>. Iso non vale nada.

---

<sup>1</sup> Aquí está identificando o barrio da Praia como parte da parroquia de Moaña e non como o nome do Concello.

<sup>2</sup> Expresión metafórica